

# **IES XERMAN ANCOCHEA QUEVEDO**

XORNADA INFORMATIVA PARA O  
ALUMNADO DO CPI "VIRXE DOS  
REMEDIOS" DE CASTRO  
CALDELAS



*MÉRCORES, 26 DE XANEIRO DE 2022*

## **1. OFERTA EDUCATIVA DO IES XERMAN ANCOCHEA QUEVEDO**

A oferta educativa do instituto contempla, ademais dos estudos da ESO, as ensinanzas de **bacharelato** nas modalidades de **Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais, Bacharelato xeral** e os **Ciclos Formativos de Formación Profesional Básica, Grao Medio e Grao Superior** pertencentes á familia profesional de **Electricidade e electrónica**.

### **BACHARELATO**

**QUÉ É?**: O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madurez intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional e capacitar para o acceso á educación superior.»

«2. Poderán acceder aos estudos de bacharelato quen estean en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Así mesmo, poderán acceder aos estudos de bacharelato quen estean en posesión de calquera dos títulos de formación profesional, de artes plásticas e deseño ou de Ensinos Deportivos e aqueloutros casos previstos na Lei.»

«3. O bacharelato comprende dous cursos, desenvolverase en modalidades diferentes, organizarase de modo flexible e, no seu caso, en distintas vías, a fin de que poida ofrecer unha preparación especializada aos alumnos e alumnas acorde coas súas perspectivas e intereses de formación ou permita a incorporación á vida activa unha vez finalizado o mesmo.

### **ORGANIZACIÓN XERAL (LOMCE)**

O bacharelato organizarase en **materias comúns**, en materias de **modalidade** e en materias **optativas**.

COMÚNS: *educación física (1º lomce), filosofía (1º lomce), historia da filosofía (2º lomce), historia de España (2º lomce), lingua castelá, lingua galega, inglés.*

## 1º DE BACHARELATO. (LOMCE)

Materias comúns:

- Materias troncais xerais: **Lingua castelá e literatura I, Primeira lingua estranxeira I (inglés), Filosofía.**
  - Materia específica obrigatoria: **Educación física.**
  - Materia de libre configuración autonómica: **Lingua galega e literatura I.**

**Matemáticas I** (Materia troncal xeral de opción)

O alumnado cursará un destes itinerarios (Materias troncais de opción)

Materias optativas (específicas e de libre configuración):

**ESCOLLER TRES MATERIAS QUE SUMEN 6 HORAS. Das materias en cursiva só se pode coller unha**

<b>Linguaxe e práctica musical (3 horas)</b>	<b>Cultura científica (2 horas)</b>
<b>Tecnoloxía industrial I (3 horas)</b>	<b>Francés I (2 horas)</b>
<b>Relixión (1 hora)</b>	<b><i>Robótica (2 horas)</i></b>
<b><i>Reforzo (1 hora)</i></b>	<b>TIC I (2 horas)</b>

**Ciencias Sociais**

**Latín I** (troncal xeral de opción)

**Matemáticas Aplicadas ás CCSS I**  
(troncal xeral de opción)

O alumnado cursará **dúas materias** dun destes itinerarios (Materias troncais de opción)

<b>Grego I</b>	<b>Economía</b>
<b>Historia do Mundo Contemporáneo</b>	<b>Historia do Mundo Contemporáneo</b>
<b>Literatura Universal</b>	<b>Literatura Universal</b>

Materias optativas (específicas e de libre configuración):

**ESCOLLER TRES MATERIAS QUE SUMEN 6 HORAS.**

<b>Linguaxe e práctica musical (3 horas)</b>	<b>Cultura científica (2 horas)</b>
<b>Tecnoloxía industrial I (3 horas)</b>	<b>Francés I (2 horas)</b>
<b>Relixión (1 hora)</b>	<b>TIC I (2 horas)</b>
<b>Reforzo (1 hora)</b>	

**1º DE BACHARELATO. (LOMLOE)**

Materias comúns: **Lingua castelá e literatura I, Lingua galega e literatura I, Primeira lingua estranxeira I (inglés), Filosofía e Educación física.**

Materias de modalidade **obligatorias:**

- **Ciencias e Tecnoloxía:** Matemáticas I
- **Humanidades e Ciencias Sociais (CCSS):** Latín I (Humanidades) e Matemáticas aplicadas ás CCSS I (CCSS).
- **Xeral:** Matemáticas xerais.

Materias de modalidade:

- **Ciencias e Tecnoloxía:** Bioloxía, Xeoloxía e CC. Ambientais / Tecnoloxía e Enxeñaría I / Debuxo Técnico I / Física e Química. (Elixir 2)
- **Humanidades e CCSS:** Grego I / Economía / Hª del mundo contemporáneo / Literatura universal / Materia obrigatoria de esta modalidade non cursada. (Elixir 2)
- **Xeral:** Economía, emprendemento e actividade empresarial / Materias doutras modalidades (Elixir 2)

## **2º DE BACHARELATO. (LOMCE)**

### Materias comúns:

- Materias troncais xerais: **Lingua castelá e literatura II, Historia de España, Primeira lingua estranxeira II (Inglés).**
  - Materia de libre configuración autonómica: **Lingua galega e literatura II.**

**Matemáticas II** (Materia troncal xeral de opción)

O alumnado cursará **un destes itinerarios** (Materias troncais de opción)

Materias optativas (troncais de opción, específicas e de libre configuración):

**ESCOLLER MATERIAS QUE SUMEN 8 HORAS. Das materias en cursiva só se pode coller unha.**

<b>CC da terra e do medio ambiente (3 h.)</b>	<b>Hª da música e da danza (3 horas)</b>
<b>Psicoloxía (3 horas)</b>	<b>Tecnoloxía industrial II (3 horas)</b>
<b>TIC II (3 horas)</b>	<b>Relixión (1 hora)</b>
<b>Reforzo (1 hora)</b>	<b>Métodos estad. e numéricos (2 h.)</b>
<b>Hª da filosofía (4 horas)</b>	<b>Xeoloxía (4 horas)</b>
<b>Francés II (3 horas)</b>	<b>Troncal de opción (4 horas)</b>

Materias da modalidade de Humanidades:

**Latín II**

**Hª da Filosofía**

Materias da modalidade de Ciencias Sociais:

**Matemáticas Aplicadas ás CCSS II**

**Hª da Filosofía**

O alumnado cursará un destes itinerarios (a escoller dúas materias)

<b>Grego II</b>
<b>Xeografía</b>
<b>Historia da arte</b>

<b>Economía da empresa</b>
<b>Xeografía</b>
<b>Historia da arte</b>

Materias optativas (específicas e de libre configuración)

**ESCOLLER DÚAS MATERIAS QUE SUMEN 4 HORAS.**

<b>Psicoloxía (3 horas)</b>	<b>Historia da música e da danza (3 horas)</b>
<b>Relixión (1 hora)</b>	<b>Reforzo (1 hora)</b>
<b>Materia troncal de opción (4 horas)</b>	<b>Francés II (3 horas)</b>

**2º DE BACHARELATO. (LOMLOE)**

Materias comúns: **Lingua castelá e literatura II, Historia de España, Primeira lingua estranxeira II (Inglés), Lingua galega e literatura II e Historia da Filosofía.**

Materias comúns obrigatorias:

- **Ciencias e Tecnoloxía:** Matemáticas II e Matemáticas aplicadas ás CCSS II.
- **Humanidades e CCSS:** Latín II (Humanidades) e Matemáticas aplicadas ás CCSS II (CCSS).
- **Xeral:** Ciencias xerais.

Materias comúns:

- **Ciencias e Tecnoloxía:** Bioloxía / Xeoloxía e CC Ambientais / Tecnoloxía e Enxeñaría II / Física / Química. (Elixir 2).
- **Humanidades e CCSS:** Grego II / Empresa e deseño de modelos de negocio / Xeografía / Hª da Arte / Materia obrigatoria da modalidade non cursada. (Elixir 2).
- **Xeral:** Movementos culturais e artísticos / Materia doutras modalidades de oferta no centro. (Elixir 2).

## PROMOCIÓN DE 1º A 2º DE BACHARELATO

### **Lomloe:**

Os alumnos e alumnas promocionarán de primeiro a segundo de Bacharelato cando superasen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. Os/as alumnos/as poderán realizar unha proba extraordinaria das materias non superadas.

### **Lomce:**

*Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou alumna debe cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.*

*Os alumnos e alumnas poderán repetir cada un dos cursos de Bacharelato unha soa vez como máximo, se ben excepcionalmente poderán repetir un dos cursos una segunda vez, previo informe favorable do equipo docente.*

*Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou optar por repetir o curso completo.*

## **TITULACIÓN**

### **Lomloe:**

Para obter o título de Bacharel será necesario obter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos. o equipo docente poida decidir a obtención do título de Bacharel polo alumno ou alumna que superase todas as materias salvo unha, sempre que nela non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada e considérese que alcanzou os obxectivos e competencias vinculados a ese título. Para acceder aos estudos universitarios será necesaria a superación dunha proba que, xunto coas cualificacións obtidas en bacharelato, valorará, con carácter obxectivo, a madurez académica e os coñecementos adquiridos nel, así como a capacidade para seguir con éxito os estudos universitarios.

2. Poderán presentarse á proba de acceso á universidade quen estean en posesión do título de Bacharel, con independencia da modalidade e da vía cursadas. A proba terá validez para o acceso ás distintas titulacións das universidades españolas.

## FORMACIÓN PROFESIONAL. CICLO MEDIO DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS E AUTOMÁTICAS

**QUÉ É?:** unha etapa da educación secundaria, **non obrigatoria**, que ten como finalidade capacitar ao alumnado para o desempeño cualificado das profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica.

As materias da Formación Profesional denomínanse **módulos** e teñen unha duración variable. Pódense agrupar en:

- **Módulos profesionais** nos que se traballan competencias, coñecementos e habilidades relacionadas co ciclo a cursar.
- **Módulo de Formación e Orientación Laboral**, que facilita a inserción no mundo laboral, con contidos relacionados coa lexislación laboral, as técnicas de busca de emprego, a prevención de riscos laborais...
- **Módulo de empresa e iniciativa emprendedora**, dirixido a fomentar a iniciativa emprendedora, a innovación e a creatividade na empresa.
- **Módulo de Formación en Centros de Trabajo (FCT)**, que se realiza unha vez cursados os módulos anteriores, permite complementar as competencias profesionais en contacto directo co mundo das empresas e co mercado laboral.
- **Módulo de proxecto** (ciclos formativos de grao superior).

**PROMOCIÓN:** O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a **suma** da duración do módulo ou dos **módulos pendentes** non supera as **300 horas**. En todo caso, cando un alumno ou unha alumna non logren a promoción deberán repetir os módulos profesionais non superados. Con carácter xeral, o alumnado poderá realizar a matrícula de primeiro ou segundo curso no mesmo centro un máximo de dúas veces, sempre que non esgotase o número de convocatorias establecido. O alumnado poderá ser avaliado dun mesmo módulo profesional un máximo de catro convocatorias, agás no caso do módulo profesional de formación en centros de traballo, que será de dúas.

**TITULACIÓN:** a superación de tódolos módulos que compoñen o ciclo da lugar á obtención do título de Técnico, que garantiza unha cualificación profesional para o desempeño dunha profesión. Dá acceso a:



- Bacharelato.
- Mundo laboral.
- Ciclo Formativo de Grao Superior.
- Oposicións á función pública. Grupo C1.

**QUÉ SE APRENDE A FACER?:** Montar e manter infraestruturas de telecomunicación en edificios, instalacións eléctricas de baixa tensión, máquinas eléctricas e sistemas automatizados, conforme a normativa, a regulamentación e os protocolos de calidade, seguridade e riscos laborais, asegurando a súa funcionalidade e o respecto polo medio.

**QUÉ OCUPACIÓNS SE DESEMPEÑAN?:** [Instalador/ora-mantedor/ora electricista](#). Electricista de construción. Electricista industrial. Electricista de mantemento. Instalador/ora-mantedor/ora de sistemas domóticos. Instalador/ora-mantedor/ora de antenas. Instalador/ora de telecomunicacións en edificios de vivendas. Instalador/ora-mantedor/ora de equipamentos e instalacións de telefonía. [Montador de instalacións de enerxía solar fotovoltaica](#).

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP023 2	Automatismos industriais	213
1º	MP023 3	Electrónica	107
1º	MP023 4	Electrotecnia	213
1º	MP024 1	Formación e orientación laboral	107
1º	MP023 5	Instalación eléctricas interiores	320
2º	MP024 2	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP024 3	Formación en centros de traballo	410
2º	MP023 7	Infraestruturas comúns de telecomunicacións	123
2º	MP023 6	Instalacións de distribución	155
2º	MP023 8	Instalacións domóticas	123
2º	MP023 9	Instalacións solares fotovoltaicas	53
2º	MP024 0	Máquinas eléctricas	123

## 2. HORARIO XERAL DO CENTRO:

	LUNS	MART ES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:30-09:20	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁS IC A BA CH FP	ESO FPBÁSI CA BACH F P
09:20-10:10	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁS IC A BA CH FP	ESO FPBÁSI CA BACH F P
10:10-11:00	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁS IC A BA CH FP	ESO FPBÁSI CA BACH F P
11:00-11:30	RECR EO				
11:30-12:20	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁS IC A BA CH FP	ESO FPBÁSI CA BACH F P
12:20-13:10	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁS IC A BA CH FP	ESO FPBÁSI CA BACH F P
13:10-14:00	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁSI CA BACH FP	ESO FPBÁS IC A BA CH FP	ESO FPBÁSI CA BACH F P
14:00-15:30	COMED OR				
15:30-16:20	FP	FP			
16:20-17:10	ESO FPBÁSI CA BACH FP	FP			

17:10-18:00	ESO FPBÁSICA BACH FP	FP
-------------	-------------------------------	----

### **3. SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS:**

**BECAS:** o Ministerio de educación convoca anualmente bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral e de mobilidade para gastos de desprazamento, residencia, material e gastos de escolarización para alumnado que curse estudos postobrigatorios e superiores. Na convocatoria do curso actual, o prazo de presentación de solicitudes para estas axudas foi dende o 1 de agosto ata o 1 de outubro de 201p, sendo necesario solicitálas online, a través da sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Por outra banda a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca anualmente axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos estudos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional.

**BIBLIOTECA:** este centro dispón dun servizo de Biblioteca que permanece aberto en tódolos recreos para préstamo e consulta de: libros, revistas, vídeos, DVD, TV etc. Nesta aula existen ordenadores a disposición do alumnado para realizar consultas por Internet.

A parte do horario de recreo, esta biblioteca tamén está aberta segundo horario exposto na súa porta.

**COMEDOR ESCOLAR:** de acordo co DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, poderá ser usuario do servizo de comedor escolar o alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil dos centros con instalacións de comedor e os dos centros próximos que carezan delas, autorizados expresamente.

**TRANSPORTE ESCOLAR:** de acordo cas instrucións que anualmente publica a consellería, será usuario lexítimo do transporte escolar gratuíto o alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de educación infantil, cuxo domicilio se encuentre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km.

Ante a eventualidade de que haxa vehículos que contén con prazas vacantes e co obxectivo de optimizar os recursos dispoñibles, poderase autorizar excepcionalmente o uso do servizo aos seguintes colectivos, sempre que elo non comporte modificación das rutas existentes, nin creación de novas paradas nin incremento de duración do traxecto nin incorporación da figura do acompañante:

1. Alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500 m en zona non urbanizada.
2. O alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por área de influencia.
3. O alumnado que, por causa de proximidade xeográfica, solicite a utilización de liñas de transporte correspondentes a centros distintos a aqueles nos que estea matriculado.
4. Acceso ao servizo por alumnado de bacharelato e ciclos formativos de FP.
5. Acceso ao servizo por viaxeiros adultos do Programa TES+BUS.

No presente curso académico contamos con catro rutas de transporte escolar. Con respecto á ruta máis cercana á localidade de Castro Caldelas, o itinerario ou percorrido do curso actual transcorre entre o instituto e a localidade de Cerdeira, coas seguintes paradas, en sentido saída do centro:

1. Rúa Deputación (A Pobra de Trives).
2. Poblado de San Salvador.
3. Pena Folenche.
4. San Xoan de Río.

Segundo a normativa do novo plan galego de transportes o alumnado de Castro Caldelas segue tendo unha parada con copago por cada viaxe.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS:** as actividades extraescolares e complementarias son un dos sinais de identidade do noso centro. Tódolos anos, tentamos desenvolver un amplo programa destas actividades entre as que podemos destacar as seguintes:

- Celebración do Magosto: Novembro.
- Certame de mozos/as intérpretes: Decembro.
- Concurso de tarxetas de Nadal: decembro.
- Celebración do entroido. Febreiro.
- Concurso literario San Valentín. Febreiro
- Viaxe de fin de estudos: Nos cursos anteriores fixemos viaxes a Grecia, Francia, Italia, Londres, República Checa, Berlín, Amsterdam, Lisboa. A viaxe prevista para este curso é a Roma.

- Acto de fin de curso.
- Revista escolar: Pousafoles
- Outras pequenas excursións de un ou dous días como tódolos anos a Santiago, Coruña, Vigo, etc.
- Conferencias varias, Certames, Concursos, Encontros, etc.
- Cursos de esquí en Manzaneda.
- Club de lectura (para alumnado e para familias)
- Aula de teatro
- Grupos de música
- Deportes de equipo.

**Nota:** Lémbrese que para realizar calquera actividade extraescolar fóra do centro, os alumnos deberán dispor da autorización asinada polos pais/nais que se lles facilita a comezo do curso.

#### 4. PRAZOS DE RESERVA, ADMISIÓN, MATRÍCULA E DOCUMENTACIÓN:

		PRAZOS	
		ORDINARIO	EXTRAORDINARIO
<b>BACHARELATO</b>	<u>RESERVA PRAZA</u>	11 XANEIRO-8 FEBREIRO	
	SOLICITUDE ADMISIÓN	1-20 MARZO	
	MATRÍCULA CURSOS ANTERIORES PENDENTE DE COÑECER DATAS LOMLOE	DO 25 DE XUÑO AO 10 DE XULLO	DO 1 AO 10 DE SETEMBRO
<b>CICLO GRAO MEDIO</b>	PREINSCRICIÓN	DO 27 DE XUÑO AO 5 DE XULLO	DO 1 AO 9 DE SETEMBRO
	MATRÍCULA	PENDENTE DE CONVOCATORIA	

#### NOTA INFORMATIVA:

- Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

#### DOCUMENTACIÓN PARA A MATRÍCULA:

- Impreso e sobre de matrícula cubertos.
- Fotocopia completa do Libro de Familia ou documento que acredite a situación familiar actual.
- 2 Fotografías tamaño carné, co nome e apelido por detrás.
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do NUSS (solicítase nas oficinas da Tesoureiría da Seguridade Social, coa presentación do DNI do alumno e o impreso TA.1).
- Certificación académica dos estudos realizados.

- Importe do seguro escolar (1,12 euros).

--

---



Infórmate no Departamento de Orientación  
do teu centro.

